

Un rondeau privado de Álvaro Cunqueiro

María Xesús Nogueira

Nas bibliografías cunqueiranas omítense con frecuencia o *Rondeau en loor de un botánico del s. XVIII que regresa de Cipango y de Catay, y todas las Indias*¹, publicado por Cunqueiro na vila de Luarca no ano 1951. O texto viu a luz nun opúsculo de oito páxinas, cunha reducida tiraxe e un paratexto singular.

A rareza da edición resulta xa evidente na capa, tanto pola súa fasquía arcaizante coma polo feito de incluír, ademais do título, unha longa dedicatoria persoal onde o autor e o destinatario da composición aparecen ficcionalizados do seguinte xeito:

139

Al Caballero de la ilustración Don Jesús Landeira, de su amigo y s. el Autor; Noble Hijosdalgo de la Villa de Riotorto; Señor de la Episcopal Ciudad de Mondoñedo y de las Cuestas de Abadín y de Valdouro; Vintesete D'a Porta Santa; Trovador Mayor de las Cortes de Casariego en la Barcellina de Valdés; y uno de los Grandes y Escasos Líricos del Castellano actual y sin duda el más Alto Príncipe de la Lírica Galaica; etc. etc.

O autor asume neste fragmento paratextual trazos aristocráticos e arcaizantes vinculados á toponimia da súa biografía (*Nobre Hijosdalgo de la Villa de*

¹ Cfr. Antonio Odriozola, "Lembranza da súa vida e unha bibliografía máis da súa obra", *Grial*, nº 72, 1981, pp. 235-260; M. Anxo Seixas Seoane (coord.), *Álvaro Cunqueiro (1911-1981). Unha fotobiografía*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991, sen paxinación. Si a inclúen Blanca-Ana Roig Rechou, "Cronobiografía", *La Voz de Galicia*, "Vinte anos do pasamento. Álvaro Cunqueiro. A maxia na palabra", 28 de febreiro de 2001, p. 43; e Eulalia Agrelo Cosas, *ibidem*, p. 45. Tamén dá noticia da súa existencia Claudio Rodríguez Fer nas súas achegas á poesía do escritor mindoniense (cfr. "A poesía galega de Álvaro Cunqueiro", *Grial*, nº 72, abril, maio xuño 1981, p. 171; *Poesía galega. Crítica e metodoloxía*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989, p. 215).

Riotorto, Señor de la Episcopal Ciudad de Mondoñedo y de las Cuestas de Ababín), á fraseoloxía popular (*Vintesete D'a Porta Santa*) e á literatura (*Trovador Mayor de las Cortes de Casariego en la barcellina de Valdés, y uno de los Grandes y Escasos Líricos del Castellano actual y sin duda el más Alto Príncipe de la Lírica Galaica*). O ton irónico intensíficase coa reiteración da fórmula *etc.*

Polo que respecta ao destinatario da composición, cómpre reparar na sintonía da dedicatoria co colofón, onde se identifica a este *Caballero de la ilustración* co fillo do escritor e médico afincado en Luarca Fernando Landeira:

Esta edición del delicioso poema de ÁLVARO CUNQUEIRO le hace en su honor y regalo de pascuas para su hijo Jesús Landeira Álvarez Cascos, Fernando Landeira. Cien ejemplares numerados que se concluyeron de imprimir en la importante firma Heredera de Ramiro P. del Río, S. R. C. de Luarca por Navidad de Nuestro Señor MCMLI.

Deste xeito, debemos considerar o *rondeau* á beira doutros textos que viron a luz en edicións privadas, isto é, composicións dedicadas a un amigo —as máis das veces para un fillo deste— e publicadas con carácter non venal, como é o caso de *Historia de una isla llamada Brenda*, *Historia del Ángel Adriel, guardián de la puerta del paraíso* ou *Daniela y la estrella*².

Na portada figura tamén, ademais da lenda “con privilegio del padre de JESÚSÍN”, datos referentes á edición. Nótese a familiaridade con que se fai alusión á empresa:

En Luarca; en la imprenta de JOSÉ RAMÓN
MCMLI

No que respecta ao título do texto, cómpre notar a harmonización das marcas paraxenéricas do *rondeau* e a *laudatio*. Ambas as dúas sitúan a peza á beira doutros poemas cunqueiranos baseados na *imitación* e na *superación* da

² Vid. para isto María Xesús Nogueira, “Dúas pequenas historias cunqueirianas”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 18, 2º semestre 1997, pp. 149-154; idem, “*Daniela y la estrella. Un relato esquecido de Álvaro Cunqueiro*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 25, 1º semestre 2001, pp. 167-177.

tradición literaria³. Debemos reparar tamén na dimensión humorística da enumeración de *Cipango y de Catay, y todas las Indias*. Habería que relacionar estes textos con outros *rondeaux* de Cunqueiro, como é o caso do “Rondeau das señoritas donas pintadas no ouso do Vilar, no século XIV, cheirando unha frol”, o “Rondeau da dona enterrada en San Xohán de Badón, con dous anxos aos pés”, incluídos en *Dona do corpo delgado*, ou o “Rondeau en louvor d-unha dona catalana que morreu pelerña en Compostela onde fora por unha pena de amor”, aparecido, sen sinatura, na *Fiesta Gallega de las Letras* publicada polo Centro Gallego de Barcelona no ano 1950⁴. A análise comparativa destes rótulos evidencian a existencia dunha fórmula compositiva do tipo: marca estrófica (*rondeau*), identificación do destinatario da composición, con referencias concretas espacio-temporais (as *señoritas donas do ouso do Vilar no século XIV; unha dona enterrada en san Xohán de Badón; unha dona catalana que morreu pelerña en Compostela*) e detalle ou circunstancia (*cheirando unha frol; con dous anxos aos pés; onde fora por unha pena de amor*). O título do poema que estamos a comentar responde perfectamente a esta fórmula, compartindo ademais unha segunda marca paraxenérica, neste caso laudatoria, co “Rondeau en louvor dunha dona catalana”⁵. Nótese, sen embargo, o contraste que se produce entre os elementos tematizados nos títulos dos tres primeiros *rondeaux* (a muller e a morte) e o exotismo do rótulo que estamos a comentar que evidencia, por outro lado, a súa dimensión humorística.

Esta actitude correspón dese co talante lúdico de toda a composición na que atopamos unha substitución de todos os motivos que Cunqueiro viña tratando nos seus *rondeaux* (o paso do tempo, o *ubi sunt*) polo da viaxe exótica. O exotismo orientalizante⁶ que se manifesta tanto no léxico (*mandarines, jardines*

³ X. Henrique Costas considera que “dentro deste Cunqueiro imitador e superador da tradición literaria nosa habería que incluir paralelamente tamén ó Cunqueiro continuador de Ronsard e Villon, o Cunqueiro dos ‘rondeaux’ e donas infinitamente tristes que se manifestan desde *Cantiga nova que se chama Riveira ata o Cunqueiro sobre todo de 1965-1981*”. Vid. “Mesa redonda. O devalar poético Álvaro de Cunqueiro”, Congreso Álvaro Cunqueiro, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1993, pp. 249 e ss.

⁴ O texto foi reproducido por X. H. Costas. Vid. “Unha trintena de poemas esquecidos de Álvaro Cunqueiro (II e...)\”, *Anima+L*, nº 2, verán 1991, p. 11. Do poema dá tamén noticia Luis Alonso Girgado, en “Introducción”, *Galiza (Mondoñedo 1930-1933)*, edición facsimilar, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999, p. 34.

⁵ Para outras cuestiós relativas á comparación destes textos vid. *infra*.

⁶ Tematizado en *Si o vello Sinbad volvese ás illas* e nun conxunto de poemas aos que H. Costas se refiriu como “ciclo semítico”. Cfr.: X. H. Costas (ed.), Álvaro Cunqueiro, *Herba aquí ou acolá*, Vigo: Galaxia, 1991, pp. 23 e ss.

volantes, bambú, hindostánico, loto, cerezos, etc.) coma nas referencias toponímicas (*Catay, Pekín, Cipango, Japón, China*). Repárese no humorismo de asociacións do tipo:

—La rosa alejandrina
tiene en Catay
ojos de china
mandarina.

Especialmente desenfadado é o final do *envío*, onde se produce unha incorporación do galego ao tempo que se alude de xeito explícito ao personaxe sobre o que se constrúe a ficción. Resulta significativo o feito de que esta galleguización teña lugar na parte máis familiar da composición:

—Un mandarín que habla gallego
escribirá en “tempo d’allegro”:
“Trouxo a China a primaveira
soñando soñares
Xesusín Landeira”.

O poema presenta, sen embargo, algunas concomitancias cos outros tres *rondeaux*, como son a alusión ao *sono* ou o recurso á figura etimolóxica. Nótese, neste senso, a proximidade dos seguintes versos:

Soñaredes aínda no ouso do Vilar os soñares do tempo pasado
(“Rondeau das señoritas donas pintadas no ouso do Vilar”)

soñando soñares
(“Rondeau en loor dun botánico del s. XVIII”)

Dende o punto de vista formal, o texto é, ao igual que os outros *rondeaux*, unha adaptación moi libre da estrofa francesa medieval que asume algúns trazos como o emprego da segunda persoa, a interrogación de xinea villoniana e a estructuración en dúas partes baixo os epígrafes *le verse* e *l'envoi*. Mais este poema singularízase, fronte aos outros representantes cunqueiranos da fórmula, pola combinación de versos de arte maior e de arte menor e a ausencia de refrán.

A data de publicación do opúsculo, levaríanos a situar o cultivo do *rondeau* por Cunqueiro entre os anos 1950 e 1951 (tanto *Dona do corpo delgado*, onde se inclúen dúas mostras, dentro da sección “Cantigas do amor cortés, como o “Rondeau en louvor dunha dona catalana” foron publicados no ano 1950), de non ser pola advertencia que o propio autor insire na segunda edición de *Cantiga nova que se chama riveira* (1957):

As cantigas engadidas foron escritas algo despois que as publicadas —que o foron en Compostela por Páscoa Frolida do mil e novecentos trinta e tres— pero non máis tarde de mil novecentos trinta e seis e ao mesmo tempo que as “Cantigas do amor cortés”, que figuran no meu libro *Dona do corpo delgado*⁷.

Hai que relativizar, con todo, a importancia desta nota que non é senón unha manifestación máis do empeño do escritor por delimitar cronoloxicamente a súa poesía neotrobadorista na década dos trinta e paliar así a etiqueta de *neotrobador* que se lle ten atribuído.

O “Rondeau en loor de un botánico do século XVIII” é un texto lúdico onde se mesturan os trazos humorísticos coa ficcionalización do autor e o destinatario da composición nun xogo de identidades que sitúa ao personaxe á volta dunha viaxe exótica. Cunqueiro recorre a unha fórmula da tradición literaria para baleirala dos seus motivos clásicos e crear un texto dunha gran frescura e singularidade.

M^a Xesús Nogueira
Universidade de Santiago de Compostela

RONDEAU EN LOOR DE UN BOTÁNICO DEL S. XVIII QUE REGRESA DE CIPANGO Y DE CATAY, Y TODAS LAS INDIAS

Le verse

“Vous que revenez de Cataï” ¿Has visto las princesas
Con las alas de palomas abanicando fresas?
¿has visto los lentes, letrados mandarines
Escribiendo con pétalos de rosas y jazmines?

—La rosa alejandrina
tiene en Catay
ojos de china
mandarina.

¿En el estanque rojo de Pekín dibujaste
las flores de los sueños y no te enamoraste?
¿Dibujaste en Cipango los jardines volantes
donde florecen geishas, volcanes y danzantes?

—Los volcanes del Japón
tienen rosas
y mariposas
en el corazón.

La canela y el loto, los jeranios azules,
el árbol del incienso con nubes como tules,
el musgo verde jade de los budhas de oro,
el árbol que da plumas y el membrillo sonoro...

—El membrillo de China
gusta a cereza
(la jalea se sube a la cabeza)
y suena a mandolina
florentina.

L'envoi

Señor, la lupa te ayuda a recordar soñando
los lejanos jardines de tu viaje botánico;
todavía en tus láminas el bambú hindostánico
soledades del viento continúa llorando.

cuando vuelvas allá, señor, a medianoche
en un sueño de magia, de loto los caminos,
—son de laca roja los caminos chinos,
los caballos faisanes, de porcelana el coche—

⁸ Álvaro Cunqueiro, *Obra en galego completa I. Poesía. Teatro*, Vigo: Galaxia, 1980, p. 70. Cfr.: Teresa López, *O neotrobadorismo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, 1997, pp. 163 e ss.

cuando vuelvas, señor, quítate la peluca
que te cubre de invierno de la frente a la nuca,
y camina colgando hebras de los cerezos.

Los cuervos del invierno suspenderán sus rezos,
despertarán riendo el quitasol y el nido,
soñando con tu juego que su abril ha venido.

—Un mandarín que habla gallego
escribirá en “tempo d’allegro”:
“Trouxo a China a primaveira
soñando soñares
Xesusin Landeira”.

Y luego el sello del Emperador
que tiene un dragón todo alrededor.

En Barcellina 9 XII 51